

## **PROGRAMA DE DEBUXO (2022)**

### **TEMA 1: Estructura e encaixe.**

1. Estudo da forma estrutural e da forma aparente.
2. O encaixe como inicio de estudo.
3. Coñecemento do material (seco, húmido e graso).

### **TEMA 2: Luz, volumen, claroscuro.**

1. Estudo da luz sobre a forma.
2. Estudo do claroscuro e da forma definida pola luz.
3. Coñecemento do material (carbón, lápiz composto, barra composta, etc)

### **TEMA 3: Relacións espaciais entre modelo e o entorno.**

1. Estudo compositivo.
2. Estudo do debuxo na historia da arte.
3. Coñecemento do material na historia da arte.

### **TEMA 4: Interpretación, valoración e claroscuro.**

1. Estudo e interpretación da forma no debuxo.
2. A valoración da forma no debuxo.
3. A expresión formal no debuxo.

## **OBXECTIVOS**

O alumno deberá ter en conta os seguintes aspectos:

### **1) Estudo analítico das formas**

- Analizar e describir gráficamente as formas volumétricas atendendo ás súas organizacións estruturais. Analizando a distribución espacial das formas no debuxo.
- Coñece-los fundamentos compositivos na obra de arte na superficie plana.

### **2) Síntese das formas**

- Mediante o emprego de bocetos farase un estudio sintético da forma, demostrando así a capacidade persoal de comprensión da forma.
- Capacidade de representa-lo imaxinado.

### **3) Realización práctica do debuxo.**

- Coñece-lo procedemento escollido polo alumno para realiza-la proba de b u x a d a.
- Análise e interpretación da obra de arte, das vangardas artísticas e da propia obra.

## **ESTRUCTURA DA PROBA**

A realización da proba constará de dous apartados.

**Primeira cuestión:**

Deberá realizarse unha composición atendendo os corpos xeométricos propostos (cubos ou prismas).

Valorarase:

- A composición (1 punto).
- O estudo do claroscuro (1 punto).
- A relacións de proporcións entre os obxectos (1 punto).
- A capacidade de análise e síntese da imaxe (1 punto).

A puntuación máxima será de **4 puntos**.

**Segunda cuestión:**

Versará nunha interpretación libre dunha obra pictórica proposta no exercicio.

Valorarase:

- A capacidade creativa do alumno, tanto na comprensión como na expresión, mediante o debuxo (1 punto).
- O coñecemento do material empregado, a súa adecuación ó debuxo e a capacidade expresiva da técnica gráfica (1 punto).
- A composición (1 punto).
- A capacidade de interpretación da obra (1 punto).
- A capacidade de organización do espazo no debuxo (1 punto).

A puntuación máxima será de **6 puntos**.

Cada exercicio farase unha folla DIN A3 entregada no momento da realización do exame. O resto do material deberá levalo o alumno e recoméndase que sea un material seco (se se empregase carbóns ou pasteis o alumno deberá levar fixador para o debuxo) ou se é húmido deberá ser de secado rápido.

**BIBLIOGRAFÍA ORIENTATIVA**

**ARNHEIM, R.** (1979). Arte y percepción visual. Madrid: Alianza Editorial.

**BERGER, J.** (2011). Sobre el dibujo. Barcelona: Gustavo Gili.

**MALTESE, C.** (1990). (Coodinador). Las técnicas artísticas. Madrid: Cátedra.

**WILLIAMS C.** (1984). Los orígenes de la forma. Barcelona: Gustavo Gili.